

## DEBATE SOBRE O ESTADO DA PROVINCIA 2018

Señoras Deputadas, Señores Deputados,

Autoridades e representacións presentes neste salón de sesión,

Medios de comunicación,

Persoas que nos seguen a través da páxina web da institución,

Comparezo diante do plenario da corporación provincial de Ourense por cuarta vez nun debate inédito en Galicia, e pioneiro en España, sobre o estado da nosa provincia.

O fago de conformidade co disposto na disposición adicional quinta do Código ético e de Conducta desta institución e de conformidade co formato que xa coñecen. Unha oportunidade para esta provincia, tendo en conta a capacidade propositiva dos grupos políticos que integran esta corporación e a vontade de consensuar o maior número posible de propostas que sexan positivas para Ourense.

Quixera comezar lembrando a Vicente Risco en “Leria”, e parafrasealo, cando deixou dito que “Galicia non é , non pode ser nunca unha abstracción”. Señoras Deputadas, Señores Deputados: “Ourense non é, non pode ser nunca unha abstracción”.

Galicia e Ourense forman parte de España, a décimocuarta economía mundial dentro dos 194 estados soberanos do planeta. Trátase entón de non perdela perspectiva, de traballar e planificar obxectivamente, de coñecer qué lugar ocupamos, un espazo obrigado á interrelación e a avaliar as situacións tendo en conta os escenarios e contextos nacionais e internacionais. E ningún tema é alleo á nosa realidade.

Por iso é unha obriga estarmos atentos. A todo. E con capacidade de reacción para todo. Atentos ás conclusións e debates da BIW (Barcelona Industry Week), punta de lanza da reflexión mundial sobre a industria 4.0. Nun momento no que estamos a falar da Cuarta Revolución Industrial, coa conectividade e a intelixencia artificial como estandartes.

Un futuro que está aí, o 2025 onde o World Economic Forum, predice un trillón de sensores conectados a internet, co primeiro coche producido mediante 3D, o 10 % dos coches en USA serán sen conductor, os impostos recadaranse mediante "blockchain", o 10 % das persoas con roupa conectada a internet...O bitcoin, a divisa electrónica que podería erixirse no novo patrón ouro.

Atentos.. ¿Por qué non? Ao papel dos ETF's, os fondos de inversión cotizados, que revélanse como un produto de inversión perfectamente asentado na industria. Tampouco esquezamos a emisión de bonos sostibles nas administracións públicas, como a recente operación na Comunidade de Madrid de 150 millóns de euros a prazo de 40 anos. E somos conscientes da existencia para operacións de menor prazo e volume de demanda especialmente en formato verde/sostible. E tamén estudiamos esta fórmula como administración pública.

Atentos á evolución do escenario enerxético. Sen ignorar cuestións que poden e deben marcar unha fonda pegada como que o Estado de California, aprobando a coñecida LEY SB-100, marcouse como obxectivo que en 2045 todo o seu territorio obteña o 100 % da súa enerxía de fontes renovables e establece outras metas de produción limpa para o 2030 (pasando do 50 % que xa se fixara ata o 60 % do total da electricidade utilizada por empresas e cidadáns). Falamos dun territorio concienciado coa loita contra o cambio climático e o quecemento global. E velaí outro exemplo: o Departamento de Enerxía da cidade de Los Angeles quere converter a emblemática presa Hoover nunha central hidroeléctrica de bombeo alimentada con enerxía solar e eólica, unha obra cun custo de 3.000 millóns.

Atentos, por suposto, ao que se dilucida hoxe nas eleccións de “mid-term” na primeira potencia do mundo.

Atentos dende Ourense e con capacidade de reacción para falar da enerxía, dos seus obxectivos fundamentais: eficiencia e sostibilidade, nun sector en continua transformación, cerca do 2 % do PIB español, repercutindo nunha economía cada vez máis verde. Un debuxo onde as claves serán as tres Ds: descarbonización, descentralización e dixitalización.

Atentos dende Ourense á realidade económica e financeira internacional. Atentos á xigantesca débeda pública que fainos preguntar si hoxe, a pesar de ter mellorado a economía os seus mecanismos de supervisión, aprendemos da teórica lección da caída de Lehman Brothers. Sabedores dun feito certo: que en España o Fondo de Liquidez Autonómica (FLA), que cumpriu seis anos, salvou a situación pero as comunidades autónomas multiplicaron a súa débeda: Cataluña a máis beneficiada, con 69000 millóns de euros, un terzo de toda a financiación extra repartida polo Estado.

Atentos a múltiples cuestións que repercuten ou van repercutir na nosa realidade, estudando e coñecendo tendencias e debates que sen dúbida terán incidencia neste mundo interconectado que non camiña: voa. Exorden preguntas sobre temas que, lonxe de parecer inconexos, reflicten o signo dos tempos neste século XXI no que autores como Yuval Noha Harari (O profesor de Historia na Universidad Hebrea de Jerusalén, autor de Sapiens -2014- e Homo Deus -2016-) permítese , con éxito imparabile, impartir vinteunha leccións. Qué dicir de conceptos como a “innovability”, innovación máis sustentabilidade? Estamos a falar do noso apoio ao sector dos drons e ás aplicacións termais e medioambientais como a loita contra a velutina? Qué vai pasar cos plans italianos de saltarse os obxectivos de déficit? Unha ameaza para a arquitectura comunitaria onde temos plantexado un horizonte de traballo real para os gobernos locais intermedios como esta deputación?

Temos opinión formada respecto da sostibilidade do noso sistema de pensións? Segundo a OCDE en 2050 España terá 76 persoas maiores de 65 anos por cada cen habitantes en idade de traballar, fronte ás trinta existentes na actualidade, converténdose así no segundo país cunha maior ratio de dependencia do mundo, tan solo superada por Xapón. Garda ou non relación coa despoboación, o avellentamento e a dispersión, cuestións todas elas que forman parte xa con carácter prioritario, d axenda política?

Outra pregunta: “Cal é a velocidade da chamada “desaceleración económica”?”

A gran pregunta nun debate destas características debera ser “está Ourense mellor que hai un ano?” e, dado que estamos na recta final do mandato 2015-2019...” está Ourense mellor que en 2015?”



A xuízo deste grupo político, deste grupo de goberno, as respostas a ambas preguntas son positivas. E tamén a xuízo dos datos. Aproveito para agradecer a implicación e traballo, as ideas e a vocación pública, de tódolos integrantes do grupo de goberno, capaz de manter o pulso da provincia e posicionarse con ambición no futuro que estamos xa vivindo. Graciñas por crer en Ourense. Diso se trata. De crer en Ourense. Estar en política en positivo. Entender a política como ferramenta de progreso e non de enfrontamento. Nunca falar mal de Ourense. Sempre traballando a favor.

Estamos no pleno dunha institución que fai de planificación unha ferramenta imprescindible. Solo nesta Deputación pódese falar de orzamentos aprobados para o ano 2019. Así llelo dixen aos grupos Parlamentarios na Cámara Galega na miña comparecencia do pasado día 2. Os orzamentos da débeda cero en maio de 2019. Antes de maio.

Era o 114 % de endebedamento cando esta corporación elixiame Presidente por primeira vez hai 2466 días. Hoxe, seis de novembro, a esta hora, é do 7`63 %. Os orzamentos máis altos que esperan tamén o remanente de tesourería máis alto.

Unhas cifras que suben ano a ano no peor contexto económico e que fan da cooperación cos concellos e coa veciñanza o seu sinal característico. Un documento para un proxecto político vencellado á nosa terra, que aposta polo territorio e que fai diariamente un exercicio de autoafirmación da nosa rica identidade, un exercicio permanente de Ourensanía.

Volvamos ás preguntas: está Ourense mellor que hai un ano? Está Ourense mellor que ao principio deste mandato, na metade de 2015? Señorás deputadas, señores deputados, os datos non son interpretables. Vaiamos a analízalos.

Abordar a análise da situación dun territorio, sexa dende o ámbito económico ou dende calquera outro eido, require da disposición de datos fiables e contrastados.

Co obxecto de posibilitar e facilitar os procesos de diagnose a partir da evolución da realidade a Deputación de Ourense non só ten impulsado, dende fai anos, o Observatorio Económico Ourensán (OE Ou), no que se recolle e organiza a información socioeconómica e demográfica máis relevante, tanto do conxunto da provincia de Ourense como das diferentes comarcas que a conforman e de tódolos concellos, se non que tamén apoia proxectos como O Polígono en Cifras, o laboratorio de datos promovido por la Asociación de Empresarios do Polígono de San Cibrao, que tense presentado a pasada semana e que nos amosa á área industrial máis grande de Galicia, con 432 empresas, un 88 % de ocupación, 8.500 traballadores e 1406 millóns de euros de cifra de negocio. Un lugar onde a maioría das empresas xa contan cun responsable específico de transformación dixital, característica clave da nova economía mundial.

O desfase temporal co que os institutos estatísticos oficiais abordan a publicación dos Produtos Interiores Brutos provinciais (os últimos datos dos que dispoñemos a día de hoxe é o do PIB do ano 2014), aconsellan realizar a diagnose da situación e a evolución económica provincial dende distintos ámbitos socioeconómicos, laborais e empresariais tanto dende un punto de vista xeral, como a nivel sectorial

Os datos acadados na Enquisa de Poboación Activa (EPA) do terceiro trimestre do 2018, avalan a afirmación de que a economía ourensá mantense na senda do crecemento no que vai de ano, tanto en termos de Ocupación como de actividade.

- Os mais de 110 mil ourensáns entre 16 e 65 anos ocupados na provincia de Ourense á setembro de 2018 (11.600 se lles sumamos os ocupados de máis de 65 anos) , supoñen un incremento do 1,5 % respecto ao da mesma fecha do ano pasado e do 3,5 % respecto ao inicio da lexislatura

Podemos comparar eses datos:

- no III Trimestre de 2015 os ocupados eran 107.100
- no III Trimestre de 2017 os ocupados eran 109.200
- no III Trimestre de 2018 os ocupados eran 110.800

- Excepcionalmente espectacular segue a ser o decréscimo do número de desempregados. En setembro de 2018 o número de desempregados é un 7% menos que o ano pasado e un ¡22%! menos que o número de desempregados no mesmo mes do 2015.

Máis datos:

- no III Trimestre de 2015 os parados eran 23.900
- no III Trimestre de 2017 os parados eran 20.000
- no III Trimestre de 2018 os parados eran 18.600

Obtendo estes datos nun marco no que a provincia de Ourense ten sido quen de diminuír o diferencial con respecto a Galicia no que se refire a Taxa de Actividade.

Máis datos:

-no III Trimestre de 2015 era do 6`1 %

-no III Trimestre de 2016 era de 5`8 %

-no III Trimestre de 2018 era de 5`4 %



Si atendemos a outro indicador clave do ámbito da actividade económica como son as afiliacións á Seguridade Social, a provincia de Ourense mostra tamén unha significativa evolución positiva. Os 103.415 afiliados á Seguridade Social residentes na provincia de Ourense supoñen 2.756 afiliados máis dos que había a principio de ano e 4.375 mais dos afiliados cos que se rematou o ano 2015 (o que supón un incremento do 5,7%).

Velaí eses datos:

-no III Trimestre de 2015 eran 99.075 os afiliados á Seguridade Social

-no III Trimestre de 2017 eran 101.557.

-no III Trimestre de 2018 eran 103.450.

Neste punto é importante destacar que en todas as comarcas da Provincia o número de afiliacións a seguridades social a Setembro de 2018 supera tanto o número de afiliados coas que rematou o ano 2015 como coas que se empezou o ano 2018.

A análise das afiliacións por sectores económicos racha tamén con outro dos grandes estereotipos que existen sobre a economía ourensá: tendo en contas o reparto das afiliacións por concello de residencia, o peso do sectores industrial e de servizos é maior en Ourense que no conxunto de Galicia.

Máis datos, nesta ocasión os das afiliacións por sectores:

- Na agricultura e pesca, Ourense 5'46 % e Galicia 6'15 %
- Na industria, Ourense 14'70 % e Galicia 14'44 %
- Na construción Ourense 7'88 % e Galicia 7'49 %
- Nos servizos Ourense 71'96 % e Galicia 71'93 %

Unha vez abordada a situación e a evolución dos principais indicadores sociolaborais vencellados coa actividade dos residentes en Ourense, o análise rigorosa da situación económica ourensá esixe por tamén o foco na situación das empresas Ourensás.

As 25.799 unidades locais empresariais activas na provincia de Ourense a 1 de xaneiro de 2018, segundo datos do DIRCE (Directorio Central de Empresas do Instituto Nacional de Estatística), supoñen un incremento do 0,5% respecto as existentes no inicio do ano 2017 e do 1,4% respecto ás 25.400 existentes ao principio do ano 2015. Un incremento que é especialmente significativo no caso dalgún dos sectores industriais claves da nosa provincia, como o que conforman o sector das industrias alimenticias e de fabricación de bebidas que experimentan crecementos do 7,6 e do 6,3% respectivamente.

Unha vez constatada a tendencia positiva en canto ao número de empresas e de unidades locais activas, e o momento de achegarnos a avaliar como foi a actividade empresarial no último exercicio, sendo a evolución das afiliacións segundo a conta de cotización (e dicir a evolución das afiliacións á seguridade social das empresas con conta de cotización na provincia de Ourense) un perfecto indicador da mesma.

Os 104.103 afiliados nas empresas con conta de cotización na provincia de Ourense ao peche de Setembro de 2018 superan en 2.592 as afiliacións coas que estas compañías empezaron o ano 2018 e supoñen un incremento do 1,6% respecto ao mesmo mes do ano 2017 e de case 4 puntos respecto ao mes de Setembro de 2015.

Máis datos? Desta volta o dos afiliados nas empresas con conta de cotización na provincia de Ourense:

- en setembro de 2015 eran 100.163
- en setembro de 2017 eran 102.499
- en setembro de 2018 eran 104.103

Compre neste punto destacar, que a evolución positiva no que respecta ao número de afiliacións prodúcese tanto en actividades industriais nas que tradicionalmente a industria ourensá ten xogado un papel relevante como é o da alimentación e fabricación de bebidas , ou o da madeira como nos nove sectores de tecnoloxía punta e alta tecnoloxía e media-alta tecnoloxía, sectores nos que, sen dúbida, a localización na nosa provincia do parque Tecnolóxico de Galicia , participado pola deputación, xogará ao noso favor.

Polo que respecta ao sector servizos, se analizamos outro sector relevante da economía ourensá como é o do Turismo, a evolución nestes primeiros meses do ano tamén é claramente positiva:

Vexamos os datos de viaxeiros, contabilizados de xaneiro a setembro:

- en 2015: 244.145
- en 2017: 260.191
- en 2018: 282.129

E os datos de pernoitas?, contabilizados tamén de xaneiro a setembro:

- en 2015: 452.854
- en 2017: 511.638
- en 2018: 528.347

Pero ademais a evolución claramente positiva da economía ourensá tradúcese nun incremento do nivel de confianza do empresariado ourensán, tal e como se reflicte no xa referenciado estudo Polígono en Cifras, realizado por un equipo de investigación da Universidade de Vigo, no que ademais de confirmar o liderazgo autonómico do polígono ourensán de san Cibrao das Viñas, ponse de releve tanto o balance que fan os empresarios do ano 2017 recentemente pechado como as favorables expectativas que teñen para o presente ano.

A pesar da existencia de elementos que subliñan un certo arrefriamento da economía española e galega, derivado en parte da situación de inestabilidades tanto no ámbito político estatal como internacional, a boa marcha da economía ourensá no que vai de ano permítenos manter as proxeccións que nos marcamos no ano pasado na procura, no horizonte do ano 2020 de asistir á plena recuperación e á estabilización do mercado de traballo ourensán, cunhas cifras de afiliación que superen os 106.000 afiliados no conxunto da provincia e cunha taxa de paro situada por baixo do 12%.



Nesa liña, manterase a aposta decidida polos procesos de xeración de talento, intensificando as relacións de partneriado que mantemos coa Universidades neste aspecto; renovando a nosa aposta tanto polo crecemento da actividade en sectores xa consolidados nos que as empresas ourensás teñen demostrado dende fai anos altos niveis de competitividade (agroindustria, a viticultura, a extracción de pedra natural, o téxtil, o comercio, a automoción, o termalismo e o turismo) como nos sectores emerxentes e nas actividades intensivas en coñecemento e en tecnoloxías avanzadas no que conforma o sector high-tech.

Agradezo o apoio e iniciativa do grupo de goberno desta Deputación. Determinante para unha xestión económica rigorosa e que cumpre obxectivos. O seu esforzo a prol de Ourense fará que en poucas semanas a Deputación non deba un solo euro. Grazas ao seu compromiso esta institución lidera a tódolos gobernos provinciais de España en transparencia. Tamén lidera a comunicación coa veciñanza co uso das redes sociais. Retos fixados e retos acadados. Coa súa forza, coa forza do goberno provincial, calquera obxectivo pode ser plantexado.

Señoras e señores, esta provincia ten goberno de seu:  
A SÚA DEPUTACIÓN.

Unha provincia que conta cun goberno que fai da XESTIÓN con maiúsculas unha das súas principais características. Un goberno TRANSPARENTE como ningún outro en España. Un goberno cun PLAN DE MANDATO, cunha folla de ruta para o desenvolvemento provincial.

Un goberno que tamén é o primeiro provincial en España en aprobar os seus orzamentos. Un goberno que está sempre. E que acude tamén, a instancia doutros gobernos, elixido por eles, para representalos nos foros nacionais e mesmo internacionais.

O goberno dunha provincia chamada a ter protagonismo no século XXI, a provincia termal, que pronto ficará a pouco máis de dúas horas da capital do Estado e que ten importantes retos por diante en sectores clave nos que cree sen dúbidas este executivo. Señorías, trátase de CREER en Ourense. E tamén de CREAR en Ourense.

Seguiremos pensando e actuando en positivo, no mellor Ourense. Nunca insultando nin falando mal de ninguén. Porque ese camiño leva a ningures, e só fai falta comprobalo ao ver a composición política desta corporación. Seguiremos, continuaremos crendo nesta provincia para que Ourense continúe creando. Nós, a filosofía deste goberno, é falar de realidades que acreditan a fortaleza e oportunidades do noso territorio.

Así, si falamos de despoboación, chamar a atención na diminución porcentual ano a ano, da serie dos últimos 5. Si falamos de turismo, ter en conta o dato último do mellor verán turístico da Historia en Ourense. Se falamos da competitividade das nosas empresas, os encargos internacionais de corporacións punteiras no ámbito das obras públicas ou da automoción.

Falamos tamén do Ourense candidato a territorio creativo da UNESCO, a mellor homenaxe á nosa tradición e creación literaria.

Se falamos de proxectos propios, a forza que lle dará á nosa Estación de esquí, o equipamento de vangarda internacional co que serán unha realidade os trinta canóns de innivación operativos a primeiros do mes de decembro, garantindo 120 xornadas de neve.

Si falamos de comunicación, a chegada da Alta Velocidade que constituirá un antes e un despois na nosa Historia a tódolos niveis. Ese é o Ourense en color, o Ourense de futuro, o Ourense ambicioso. Aí deberíamos encontrarnos todos, por suposto a gran maioría de ourensáns que sustentan esta Deputación con maioría absoluta, pero tamén vostedes.

Ourense, señoras e señores, ten que estar atento ás oportunidades, contar cun goberno capaz de reaccionar dende o minuto un ante escenarios sobrevidos reivindicando decisións políticas que vaian na liña do equilibrio territorial. Por suposto sen debates estériles nin demagoxias. Como plantexei directamente ao Presidente da Xunta o dezaioito de outubro solicitando que se desenvolva en Ourense o proxecto do Campus de Formación Profesional previsto para Vigo e feito público o desencontro entre as institucións chamadas a ser socias impulsoras do mesmo. O goberno de Galicia sabe que a Deputación de Ourense está en posición de coliderar ese proxecto coa asunción das responsabilidades que o Consorcio da Zona Franca parece declinou.

Este goberno provincial está en condicións de achegar a contía financeira esixida ao socio vigués así como todas as esixencias de corte loxística que dito proxecto precisa en toda a súa magnitude para lograr o éxito. Un éxito para Ourense e para Galicia pois o Campus de Formación Profesional marcaría un antes e un despois no desenvolvemento formativo e económico. Un proxecto que engrana coas grandes liñas de actuación que dende Ourense estamos a achegar no espazo económico e social de Galicia, proxectos como A Provincia Termal, a Provincia Intelixente, Ourense Destino Turístico Intelixente, a xestión de servizos aos concellos ou aposta polos servizos sociais, as políticas medioambientais ou as actividades culturais, accións que definen unha institución con experiencia e capacidade tanto económica como técnica para asumir con solvencia o reto de calquera proxecto.



Señoras deputadas, señores deputados: a política é consenso. Cada debate político é unha oportunidade para a concordia. O chamamento ao consenso é obriga do noso goberno. Velaí a idoneidade desta sesión para que a veciñanza perciba utilidade e non electoralismo. Que estamos aquí por Ourense.

Remato esta primeira intervención completando a idea inicial deste discurso: “Ourense non é, non pode ser nunca unha abstracción”. E o fago volvendo a parafrasear a Vicente Risco. E digo que “Ourense para nós é a Terra por antonomasia, mais é a Terra esta, material, que se ve, que se ole, que se apalpa, os eidos estes, estas herbas, estas árbores, este ceo, esta auga termal.. Terra santa e bendita da que fomos formados”.

Ourense foi, é e seguirá sendo o noso compromiso.

Teño dito.

Moitas grazas por escoitarme. Mo bos días.